

PROXECTO REFORZAMENTO DA XESTIÓN DOS RECURSOS DA PESCA COSTEIRA ARTESANAL – CONFRARÍA DE VILAXOÁN

Proxecto presentado o abeiro da ORDE do 2 de outubro do 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrência competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) que contribúan á reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (procedemento PE209P)



Expediente: PE209P-2024-0042

BENEFICIARIO AXUDA CONCEDIDA: CONFRARIA PESCADORES DE VILAXOÁN

PERÍODO DE VIXENCIA: Dende o 1 de xullo de 2024 ao 30 de xullo de 2025

IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 112.902,60€

ANUALIDADE: 2024-2025

FINANCIACIÓN: Cofinanciado nun 70% con fondos FEMPA e un 30% pola CA de Galicia

Importe público FEMPA(70%): 79.031,82€

Importe público C.A.(30%): 33.870,78€

OBXECTIVO DA OPERACIÓN:

A) Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos. Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade, nos paraxes de Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de importancia para os organismos mariños.

B) Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños. Análise dos descritores definidos na Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña. Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras. Seguimento e vixilancia dos hábitats e das especies. Cartografado da actividade extractiva realizada polos socios da entidade. Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tamaños.

C) Formación dos pescadores- as orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven.

D) Aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos/das pescadores/as, que pode incluír campañas de divulgación, redacción de proxectos de recuperación dos ecosistemas e redacción de proxectos de mellora da produtividade dos bancos marisqueiros

E) Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras.

F) Colaboración cos/coas técnicos/as da Consellería do Mar nos asuntos directamente relacionados coa xestión dos recursos, restauración dos ecosistemas e mellora da produtividade dos bancos marisqueiros.

G) Salvagarda do medio mariño e das súas especies, que se levarán a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca.